EXERCICIOS AUTOAVALIABLES DA UNIDADE 10

As actividades que se che propoñen abaixo tes que realizalas unha vez teñas estudado o tema, sen mirar a proposta do profesor. Tes que ler e entender o que se che pide antes de escribir, e ter en conta as orientacións. Tamén é importante que redactes con corrección.

1. Comentario do texto:

• Le con atención o texto, contextualizándoo mentalmente e subliñado os aspectos que consideres máis importantes, para despois comezar a redacción.
• En primeiro lugar debes facer unha pequena introdución na que sitúes o texto no tempo histórico e no ámbito xeográfico ao que afecta.
• O segundo paso do comentario é o máis importante, pois debes analizar polo miúdo o texto e as súas consecuencias históricas.
• Por último, podes escribir unha conclusión onde plasmes a túa propia opinión (sempre desde un punto de vista histórico), desde o presente.

LEY DE RESPONSABILIDADES POLÍTICAS DE 9 DE FEBRERO DE 1939

Esta ley se promulga con la intención de liquidar las culpas políticas contraídas por quienes contribuyeron con actos u omisiones graves a forjar la subversión roja y a entorpecer el triunfo providencial e históricamente ineludible del Movimiento Nacional.

Art. 1

Se declara la responsabilidad política de las personas que contribuyeron a crear o agravar la subversión de todo orden de que se hizo víctima a España y de aquellas que se hayan opuesto o se opongan al Movimiento nacional con actos concretos o con pasividad grave.

Art. 2

Quedan fuera de la ley todos los partidos y agrupaciones políticas integrados en el llasmado Frente popular, las organizaciones separatistas y todas aquellas que se hayan opuesto al triunfo del Movimiento Nacional.

Art. 3

Los partidos, agrupaciones y organizaciones declaradas fuera de la ley sufrirán la pérdida absoluta de todos sus derechos y bienes, que pasarán a ser propiedad del Estado.

Art 4.

Tienen responsabilidad política:
- Los condenados por rebelión al Movimiento Nacional
- Los cargos directivos de los partidos declarados ilegales
- Los afiliados a los partidos declarados ilegales
- Los que han desempeñado cargos en el gobierno del Frente popular
- Los que hayan apoyado a los partidos que daban apoyo al Frente popular
- Los que fueron candidatos, apoderados o interventores de los partidos que formaban el Frente Popular
- Los diputados del Parlamento que ayudaron a la creación del gobierno del Frente popular
- Los que pertenecen o hayan pertencido a la masonería
- Los que hayan juzgado a adictos al Movimiento Nacional
- Los que hayan difundido propaganda en contra del Movimiento nacional
- Los que se hayan opuesto al triunfo del Movimiento Nacional
- Los que hayan permanecido en el extranjero sin reintegrarse al territorio nacional
- Los que salieron de la zona roja y no hayan vuelto al terrritorio nacional en el plazo máximo de dos meses
- Los que hayan cambiado la nacionalidad española por una extranjera
- Los que hayan ocupado cargos directivos en empresas que hayan colaborado con el gobierno del Frente Popular

Art. 5

Se considera atenuante el hecho de haber hecho arrepentimiento público antes del 18 de Julio de 1936 o haberse alistado voluntariamente al ejército nacional. También se considera atenuante haber perdido un hijo o al padre en defensa del Movimiento Nacional.

Art. 8

Las sanciones que se podrán imponer son:
- Restrictivas de la actividad
- Limitativas de la libertad de residencia
- Sanciones económicas
- Pérdida de la nacionalidad española

PROPOSTA DO PROFESOR

Esta lei foi aprobada uns días antes de finalizar a Guerra Civil polas autoridades do bando 'naciona' franquista. Recolle disposicións anteriores e con ela prepárase a gran represión exercida na posguerra contra "quienes contribuyeron con actos u omisiones graves a forjar la subversión roja". Os tribunais encargados de impor as sancións intaláronse por toda España, estando compostos por representantes do Exército, dos xuíces e da Falange. As penas consistían na inhabilitación absoluta para un cargo ou traballo, desterro, perda da nacionalidade española, etc. E tamén sancións económicas, desde a perda total do bens ata o pago de multas. A Ley de Responsabilidades Políticas, pese a que sufriu algunhas reformas, permaneceu vixente ata, trinta anos, ata 1966.

A lei pretende xustificar o Alzamiento, poñendo o mundo ao revés, xa que se cualifica de "subversión roja" as accións levadas a cabo polos republicanos que defenderon a legalidade republicana fronte aos sublevados 'nacionais. Foi un ataque directo contra todos os que non se adheriron claramente ao Movimiento ("a todas aquellass (personas) que se haxan opuesto o se opongan al Movimento nacional con actos concretos o con pasividad grave"), imposibilitando calquera posibilidade de reconciliación entre os españois de ambos bandos. As responsabilidades mesmo se atrasaban ata a participación na revolución de outubro de 1934. O réxime fascista non quixo só gañar a guerra, senón que tamén pretendeu acabar con calquera posibilidade de oposición. Así o amosa o feito de que esta lei, tan represiva, se aprobase cando a guerra xa estaba decantada cara o bando 'nacional' (Cataluña caeu no mesmo mes de febreiro).

En realidade, leis coma esta, non eran máis que escusas legais para xustificar as detencións indiscriminadas e arbitrarias, coa intención de acabar con todas as persoas sobre as que puidera recaer calquera tipo de sospeita de republicanismo ou, mesmo, por envexa ou enfrontamentos persoais. A rebelión contra a democracia legal pretendíase explicar como a consecuencia dos desmáns cometidos polos republicanos, mesmo dándolle un carácter de inevitabilidade histórica: "entorpecer el triunfo providencial e històricamente ineludible del Movimiento Nacional".

As sancións dependían do grao de vinculación á República dos encausados, e do seu protagonismo social e político: inhabilitacións, confinamentos e sancións económicas, que eran obrigatorias para toda condena relacionada con esta Lei. Os bens susceptibles de ser incautados eran recollidos con detalle: propiedades rústicas, mobles, etc. As sancións pasaban aos seus herdeiros se o acusado falecía mentres se instruía o proceso, sempre e cando non amosase unha adhesión persoal ao Movimiento.

Durante a Guerra Civil e na posguerra dsencadeuse unha represión sistemática dos posibles adversarios políticos. As vítimas foron decenas de miles. A moitos deles aínda os están buscando hoxe os seus familiares nas foxas comúns espalladas pola xeografía española. O novo estado pensouse só para os vencedores, tratando de aniquilar física e socialmente aos vencidos. Desde as multas aos paseos e fusilamentos, todo contribuíu a crear un estado de terror que xogou un importante papel na consolidación da Ditadura de Franco.

2. Relacionar conceptos

- Contesta ás seguintes preguntas de xeito breve, pero con orde e cunha redacción correcta.

  a. Por que o bombardeo de Guernica é considerado un símbolo?

  b. Que postura mantivo a Igrexa na Guerra Civil?

  c. Cales foron os apoios sociais do franquismo?

  d. Cales foron as consecuencias da autarquía?

  e. Quen eran os fuxidos?

Proposta do profesor

Por que o bombardeo de Guernica é considerado un símbolo?

O bombardeo de Guernica produciuse dentro da campaña do Norte da Guerra Civil, o 26 de abril. A Legión Cóndor alemá aliada dos 'nacionais' escolleu un día de mercado en Guernica, cidade sen defensas e sen obxectivos militares, para lanzar bombas incendiarias primeiro, e despois metrallar á poboación que fuxía. Escolleron Guernica por ser a capital do nacionalismo vasco tradicional, e co seu bombardeo simbolizábase a destrución da autonomía vasca. Cando se soubo a noticia desencadeouse unha onda internacional de indignación e as autoridades franquistas anunciaron que a cidade fora queimada polos roxos, mentira que poucos creron. Guernica converteuse nunha icona mundial da barbarie fascista, ao que contribuíu o cadro homónimo de Picasso. Na II Guerra Mundial, sen embargo, os bombardeos sobre obxectivo civís foron unha táctica militar máis nos dous bandos.

Que postura mantivo a Igrexa na Guerra Civil?

A Igrexa cooperou con entusiasmo co Alzamiento, buscando recuperar a súa preponderancia social e os seus privilexios, en perigo polas reformas laicistas da II República. Cualificaron a Guerra como Cruzada e os bispos aparecían xunto ás autoridades franquistas en toda clase de cerimonias e bendicían as tropas. Foron moi pouco os sacerdotes que procuraron protexer ás vítimas da brutal represión, ao contrario, a maioría tomaba parte activa nas delacións e nos castigos. A súa fe non lles impediu lexitimar tanta morte, tanto sufrimento. O Papa saudou a vitoria de Franco dándolle as grazas pola vitoria da 'Católica España'.

Cales foron os apoios sociais do franquismo?

A Ditadura concentrou todos os poderes en Franco, pero contou con amplos apoios sociais, de todos aqueles que sentiron ameazados polas reformas levadas a cabo na II República: os pequenos propietarios agrarios do Centro e do Norte, o clero, os grandes terratenentes e a oligarquía industrial e financeira.

Cales foron as consecuencias da autarquía?

A política económica autárquica foi un fracaso, pola dependencia que España tiña de produtos básicos importados do exterior e polos efectos negativos da Guerra Civil primeiro, e despois da II Guerra Mundial. Na agricultura o descenso da produción provocou o racionamento de alimentos básicos e gran parte da poboación pasou fame. A produción industrial tamén descendeu, a pesar da creación do INI en 1941.

Quen eran os fuxidos?

Os fuxidos foron persoas, a maioría homes, que se viron obrigadas a agocharse no monte para evitar caer en mans das autoridades franquistas, para evitar ser encarcerados ou fusilados. A práctica totalidade dos mesmos eran militantes de sindicatos e partidos da esquerda. Fuxidos era como os chamaba a xente. Ao principio sobrevivían co apoio dos enlaces só ou en pequenos grupos sen organizar. Cando os comunistas se fan co control das partidas de fuxidos estes pasan a ser guerrilleiros que loitan estruturados contra o réxime franquista. Non tiveron éxito e moitos caeron a mans da Guardia Civil.